4. A fiscalización limitada previa de requisitos básicos das subvencións.
5. A omisión da función Interventora no ámbito das subvencións nas EE.LL.
6. Documentación complementaria.

MODULO VII. CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Introducción.
2. Normativa de aplicación.
3. O control financeiro de subvencións do regulamento de control interno.
 - a) Consideracións previas.
 - b) O plan anual de control financeiro.
4. O control financeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - a) Obxecto do control financeiro.
 - b) Competencia. O Estatuto do persoal controlador e a obriga de colaboración.
 - c) Procedemento de control financeiro de subvencións.
 - d) Documentación das actuacións.
 - e) Efectos dos informes de control financeiro.
5. Documentación complementaria.

Código A. F.: 01.14.01.23

Denominación: REGULAMENTO DE ESTRADAS DE GALICIA E AS SÚAS MODIFICACIÓNS. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo con competencias en vixancia do uso e defensa das estradas.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 9 ao 27 de outubro de 2023

OBXECTIVOS:

- Profundar no coñecemento do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia e dar a coñecer as recentes modificacións aprobadas

PROGRAMA:

- Disposicións xerais
- Planificación e proxección

- Construción, financiación e explotación
- Protección do dominio público viario
- Réxime sancionador

Código A. F.: 01.15.01.23

Denominación: ATENCIÓN Á CIDADANÍA. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal da administración local da provincia de Lugo con trato directo coa cidadanía.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 16 de outubro ao 3 de novembro de 2023

OBXECTIVOS:

- Dar ferramentas e estratexias ao persoal da administración local que teñen entre as súas función atender á cidadanía para mellorar a comunicación.
- Concienciar e sensibilizar á vez que capacitar ao persoal da administración local para mellorar a relación entre as administracións locais e os administrados, garantindo a accesibilidade á información con independencia da diversidade de cada unha das persoas.

PROGRAMA:

1. O dereito a comprender das persoas
2. A comunicación
 - 2.1. Comunicación verbal
 - 2.2. Comunicación non verbal
3. escoita activa
4. A comunicación asertiva
5. Comunicación e linguaxe

Código A. F.: 01.16.01.23

Denominación: TERRITORIOS RURAIS INTELIXENTES COMO MODELO DE DESENVOLVEMENTO, COMO FERRAMENTA PARA COMBATIR O DESEQUILIBRIO TERRITORIAL. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Axentes sociais do territorio: empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que promovan iniciativas locais de interese comprometidos ca mellora do territorio.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 16 de outubro ao 3 de novembro de 2023

OBXECTIVOS:

- Crear territorios rurais intelixentes.
- Romper o desequilibrio territorial.
- Entender a despoboación.
- Formar a persoas que promovan, xestionen e desenvolvan o cambio nos territorios rurais.
- Expoñer boas prácticas en desenvolvemento de distintos territorios.
- Promover un cambio de conciencia social.
- Promover iniciativas sostibles rurais innovadoras que asenten poboación no rural.
- Facilitar ferramentas eficaces para combatir o desequilibrio territorial.

PROGRAMA:

1. Desequilibrio Territorial e Reto demográfico
 - 1.1. Qué é?
 - 1.2. Factores que inflúen.
 - 1.3. Medidas fronte ao reto demográfico

2. Territorio Rural Intelixente.
 - 2.1. Aspectos básicos.
 - 2.2. Habilidades comunicativas
 - 2.3. Ecosistemas innovadores.
3. Vivir e crear no mundo Rural é posible
 - 3.1. Qué podemos facer contra o despoboamento?
 - 3.2. Oportunidades e novas propostas.
 - 3.3. Casos de éxito

Código A. F.: 01.17.01.23

Denominación: NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL. CONCEPTOS BÁSICOS E A SÚA APLICACIÓN PRÁCTICA. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal administrativo da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estén relacionadas cos contidos do curso.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 25 de setembro ao 13 de outubro de 2023

OBXECTIVOS:

- Identificar e recoñecer a normativa na que se basean os dereitos retributivos das persoas empregadas dunha administración pública -persoal laboral e funcionariado-. As Leis de Orzamentos, os convenios colectivos e os contratos individuais de traballo.
- Comprender os distintos conceptos retributivos aos que teñen dereito as persoas empregadas dunha administración pública. Clases de conceptos salariais e indemnizatorios.
- Recoñecer as distintas deducións que se practican sobre a nómina -cotización á Seguridade Social, IRPF e outras deducións-.
- Calcular e confeccionar unha nómina básica segundo atendendo á estrutura do recibo de salarios.
- Calcular e confeccionar nóminas segundo algunha das incidencias que se poden dar. Mes inicial, incapacidade temporal, cesamento e liquidación, etc.
- Calcular as deducións por cotización á Seguridade Social nas distintas continxencias cubertas polas que se fai achega (continxencias comúns, desemprego, formación, continxencias profesionais a cargo da empresa e mecanismo de equidade interxeracional). O Sistema de liquidación directa. SILTRA.
- Calcular a porcentaxe de retención de IRPF a aplicar e levar a cabo o cálculo da retención mensual.
- Recoñecer outras posibles deducións a contemplar na nómina -os embargos sobre a nómina-. Recoñecer a normativa de aplicación.
- Recoñecer os custos do cadro de persoal para unha entidade.
- Recoñecer as obrigas das entidades en materia de contratación e Seguridade Social en materia de afiliación, alta, cotización e baixa.
- Realizar os trámites básicos en materia de Seguridade Social -afiliación, alta, baixa e variación de datos-.
- Identificar e calcular algunhas das prestacións básicas do sistema público de Seguridade Social -especialmente a incapacidade temporal, a prestación por nacemento e coidado de menor e o desemprego- e vincular a súa contía e percepción coa nómina.
- Recoñecer outras prestacións de Seguridade Social e entender a súa vinculación coa retribución que se percibe por parte das persoas empregadas dunha administración pública.

PROGRAMA:

1. Normativa na que se basean os dereitos retributivos das persoas empregadas dunha administración pública -persoal laboral e funcionariado.
 - 1.1 As Leis de Orzamentos e a súa incidencia nas retribucións.
 - 1.2 Os convenios colectivos do persoal laboral e os contratos individuais de traballo.
2. Distintos conceptos retributivos aos que teñen dereito as persoas empregadas dunha administración pública.

2.1 Clases de conceptos salariais

2.2 Outros conceptos indemnizatorios.

3. As deducións que se practican sobre a nómina

3.1 A cotización á Seguridade Social: Continxencias comúns, desemprego, formación, continxencias profesionais a cargo da empresa e mecanismo de equidade interxeracional.

3.2 A retención para o Imposto sobre da Renda das Persoas Físicas: A porcentaxe de retención de IRPF a aplicar e cálculo da retención mensual.

3.3 Outras deducións que poden aparecer na nómina: Os embargos sobre a nómina e os anticipos. Recoñecer a normativa de aplicación.

4. Confección dunha nómina básica segundo atendendo á estrutura do recibo de salarios.

5. Confección de nóminas con algunha incidencia: Mes inicial, incapacidade temporal, cesamento e liquidación, etc.

6. Cálculo dos custos do cadro de persoal para unha entidade.

7. Obrigas das entidades en materia de contratación e Seguridade Social en materia de afiliación, alta, cotización e baixa.

8. Trámites básicos en materia de Seguridade Social: Afiliación, alta, baixa e variación de datos.

9. Algunhas das prestacións básicas do sistema público de Seguridade Social: A incapacidade temporal, a prestación por nacemento e coidado de menor e o desemprego. A súa contía e cálculo. Relación da percepción pola prestación coa nómina mensual.

10. Outras prestacións de Seguridade Social: Xubilación, incapacidade permanente etc. A súa vinculación coa retribución que se percibe por parte das persoas empregadas dunha administración pública.

Código A. F.: 01.18.01.23

Denominación: A EXPROPIACIÓN FORZOSA NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. A SUPERVISIÓN DE PROXECTOS SEGUNDO ARTIGO 235 DA LEI 9/2017. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estén relacionadas cos contidos do curso.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 16 de outubro ao 3 de novembro de 2023

OBXECTIVOS:

Preténdese con este curso explicar:

- A expropiación forzosa de terreos, bens e dereitos, tanto polo sistema ordinario como polo urxente.
- A expropiación forzosa de terreos, bens e dereitos polo sistema de taxación conxunta.
- A supervisión de proxectos segundo o artigo 235 da Lei de Contratos.

PROGRAMA:

- Definición e conceptos dunha expropiación forzosa.
- Cando se pode realizar unha expropiación forzosa e para que?
- Quen pode realizar unha expropiación forzosa?
- Diferenza entre o sistema ordinario e o urxente.
- Que é a folla de depósito previo e quen intervén na súa confección?
- Que é unha folla de aprecio, quen a redacta e cal é o seu fin?
- Canto follas de aprecio pode haber?
- Que é o Xurado de expropiación de Galicia e cal é o seu labor?
- Que é a acta de ocupación, quen a subscribe e cal é o seu fin?
- En que consiste unha expropiación forzosa polo sistema de taxación conxunta. Cando se pode aplicar e cales son as súas características?
- Documentos que deben existir necesariamente na taxación conxunta.

- En que consiste a supervisión de proxectos?
- Cando o informe de supervisión é preceptivo e cando é facultativo?
- Que órgano é o encargado de realizar a supervisión dun proxecto?
- Diferenza entre a supervisión regulamentaria e a supervisión técnica.
- Que requisitos debe conter un proxecto para que haxa que sometelo a supervisión?
- Que artigos da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, débense ter en conta para a realización da supervisión dun proxecto?
- Que artigos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, débense ter en conta para a realización da supervisión dun proxecto?
- Expropiación por Ministerio da Lei

Código A. F.: 01.19.01.23

Denominación: XARDINERÍA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES NAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Persoal de mantemento da administración local da provincia de Lugo vinculados ao mantemento de parques, xardíns e zonas verdes.

Participantes: 20

Horas: 24

Datas realización: 16, 17, 18, 19, 23, 24, 25 e 26 de outubro de 2023

Horario: Das 16:30 h. ás 19:30 h.

OBXECTIVOS:

- Transmitir e incorporar coñecementos ao alumnado do curso en materias teóricas e prácticas relacionados coas labores de mantemento de xardíns e zonas verdes de carácter local.
- Tratarase de que se teñan nocións teóricas e prácticas sobre xardinería e a súa historia. Botánica e fisioloxía das plantas. Manexo de solos e fertilización. Tarefas básicas de xardinería, útiles de xardinería, prevención de riscos e protección do persoal, Manexo de maquinaria, nocións teóricas e prácticas de poda e enxerto. Compostaxe. Infraestrutura verde. Demandas cidadáns fronte a xestión de infraestrutura verde.

PROGRAMA:

- Introducción.
- Historia da xardinería.
- Botánica e fisioloxía das plantas.
- Solos e fertilización.
- Tarefas básicas de xardinería.
- Útiles de xardinería.
- Protección persoal.
- Manexo de maquinaria.
- Nocións de poda e enxerto.
- Técnicas de enxerto teoría e práctica
- Compostaxe. Pragas e enfermidades.
- Infraestrutura verde.
- Demandas cidadáns fronte a xestión da infraestrutura verde.

Código A. F.: 01.20.01.23

Denominación: COMPLIANCE PENAL NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo cuxos postos de traballo estean relacionados co contido do curso, tendo preferencia os postos de secretaría, intervención, servizos xurídicos, contratación, urbanismo, recursos humanos e recadación.

Participantes: 50

Horas: 40

Datas realización: Do 2 ao 25 de outubro de 2023

OBXECTIVOS:

- Achegar ós/ás empregados/as públicos/as da administración pública local o cumprimento normativo ou *PUBLIC COMPLIANCE*, técnica innovadora para previr e loitar contra a corrupción.
- Presentar os diferentes modelos de prevención da corrupción.
- Estudar os delitos contra a administración pública, coas reformas actuais do código penal, analizando a doutrina e xurisprudencia recente con casos prácticos.
- Trasladar o importante papel do Consello de Contas de Galicia na implantación de sistemas de control e xestión de riscos na administración pública.

PROGRAMA:

- Conceptos xerais sobre compliance e marcos de referencia.
- *PUBLIC COMPLIANCE*. Configuración no ordenamento xurídico.
- Delitos contra a administración pública.
- Diferentes modelos de prevención de riscos da corrupción.
- Consello de Contas de Galicia na implantación de sistemas de control e xestión de riscos.
- Supostos prácticos de dereito penal na administración pública.



**ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN**

1. Título acción formativa	Código A. F.

2. Datos persoais													
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.										
			<table style="width:100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> <td style="width:10%; border: 1px solid black;"> </td> </tr> </table>										

3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo				Localidade		Provincia	
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo		Fax traballo		Correo electrónico	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					Teléf. móbil / particular	

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Funcións que desempeña:

4. A ter en conta.
 Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

5. Declaración
 Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporato á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local
 Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade

<input type="checkbox"/> Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable	Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)
--	--

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.
 _____ a _____ de _____ de _____
 Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
 Sección de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Lugo, 17 de agosto de 2023.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca.- O SECRETARIO, P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR, Alejandro Maseda Mallo.

R. 2687

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2023 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2023, terá lugar dende o días **01/09/2023 ao 31/10/2023** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 17 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2688

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 17 de agosto de 2023 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 4º BIMESTRE E DA TAXA POLOMANATEMENTO DO CEMITERIO DO 2023**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ao cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de setembro ao 31 de outubro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicos de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 18 de agosto de 2023.- O Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 2689

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRON FISCAL IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 07.08.2023 aprobáronse o padrón fiscal do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 24.08.2023 ata o día 25.10.2023.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 17 agosto 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2690

*Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XULLO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Localdo día 14.08.2023 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de XULLO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 25.08.2023 ao 25.10.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 agosto 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2691

SOBER

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA.

Formada e rendida a Conta Xeral do Concello de Sober correspondente ó exercicio 2022 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido das Lei reguladora das Facendas locais, e as da Instrucción do Modelo Simplificado de Contabilidade Local aprobada por Orde HAP/1791/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión especial de Contas o día 18.08.2023, expónse ó público nas dependencias municipais polo prazo de quince días laborais, contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o dito prazo as persoas legitimadas poderán examinala e formular as reclamacións, reparos e alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Sober, 18 de agosto de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2686